



Natural da Rúa (Valdeorras), **Rosa Enríquez** é licenciada en Filoxía Hispánica pola Universidade de Santiago de Compostela e actualmente exerce como profesora de francés nun IES de Padrón. Fai parte activa da plataforma feminista A Segra, é columnista para o periódico Sermos Galiza, escribiu recensións literarias no suplemento Pro-Texta da revista Tempos Novos e, dende hai dez anos, publica tamén un artigo semanal no xornal ourensán La Región. Alén disto, ten participado nas revistas dixitais Caleidoscópica –de fotografía–, Incomunidade, Terra e Tempo ou Galizalivre.

Logo de obter, en 2005, o premio de poesía Francisco Añón co libro *Nas aforas*, a súa traxectoria poética desenvolveuse a través da publicación de *Vestíbulo da devastación* (2007), *Desobediencia* (2011), *Atlas de Chaguán* (2012), *ESPECTROS* (2014) e, xa no 2016, a edición bilingüe galego/castelán *Historia do meu corpo en labaradas/Historia de mi cuerpo en llamas*. Foi incluída ademais nas antoloxías *Guía viva de ortodoxos y heterodoxos en la poesía contemporánea gallega* (2012) e en *Novas de Poesía. 17 Poetas*, elaborada pola Fundación Uxío Novoneyra. No tocante a outros xéneros literarios, Enríquez é tamén autora dunha novela xuvenil de ciencia ficción e fantasía titulada *Unicrom* (2008).

O CORPO DO QUE ESCRIBO FÓRA DOS BARROTES

*está na miña boca. achegareina á túa para que sintas a dentada
sen demora. mentres soño contigo o peso da nosa pel irá
cubriendo as montañas. baixo delas vive o desexo.
iremos cara a el porque iso é o que somos:
carne humana que se enche de forza cando pode
para combater a morte e a enfermidade
isto que les podería ser entón a historia do meu corpo.
ou do teu.*

(ROSA ENRÍQUEZ)

Luns **23** de xaneiro
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es

Poetas Di(n)versos 2017



Nimrod





Nado no sur do Chad en 1959, **Nimrod** é poeta, novelista e ensaísta. Exerceu como profesor de francés e outras materias de letras no seu país e en Costa de Marfil, desempeñándose actualmente como profesor universitario de Filosofía en Francia. A día de hoxe, ten publicados máis de vinte libros. Os de xénero poético inauguráronse en 1989 con *Pedra, pó*; seguiríanlle entre outros *Pasaxe ao infindo* (1999), *En temporada seguido de Pedra, pó* (2004) e *Babel, Babylone* (2010). Outros títulos da súa autoría que inclúen diversos xéneros literarios son *As pernas de Alicia*, *O baile dos príncipes*, *A nova cousa francesa*, *Rosa Parks*, *Non à discriminación racial*, *O ouro dos ríos*, etc.

Por esta distinguida obra literaria ten recibido galardóns literarios como o Premio da Vocación, o Benjamin Fondane, o Premio Édouard Glissant, o Ahmadou Kourouma, o Max Jacob, o Premio Charmettes/Jean-Jacques Rousseau ou o Pierrette Micheloud. Entre os seus traballos máis recentes podemos mencionar a novela *Un balcón sobre o alxerino* (2013), o ensaio *Visite à Aimé Césaire* (2013), a biografía *Léon-Gontran Damas, poète jazzy* (2014) e o poemario *Nas ribeiras do Chari, distrito norte da beleza* (2016). A piques de saír do prelo están ademais outra novela, unha antoloxía de poesía africana que o inclúe, e mais a escolma poética persoal *Eu terei un reino de madeiras flotantes*.

O GRITO DO PAXARO

*Quixen emborracharme de silencio.
A muller que amaba abandonei.
Fecheime ao paxaro da esperanza
que me invitaba a subir ás pólas
da árbore, a miña dobre.
Botei a perder o espazo do meu xardín.
Abrín as miñas comarcas.
Pareceume agradable o aire que circula
por entre os cristais. Fun feliz de ser
o feiticeiro da miña vida.
Mentres a tarde despregaba os seus espectros
o paxaro en min espertou unha outra vez
e o seu grito emitiu a anguria
do corazón do meu reino.*

←
(NIMROD)

Luns **23** de xaneiro
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es

Poetas Di(n)versos 2017



Rosa Enríquez

